

## CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA

Tras constituírse a nova Corporación 2023-2027, en sesión plenaria extraordinaria de organización e funcionamento, acordouse establecer a periodicidade das sesións ordinarias:

*“O Pleno do Concello de Valdoviño celebrará sesión ordinaria, con periodicidade mensual, o PRIMER XOVES DE CADA MES ÁS 20:00 HORAS. No caso de que coincida en festivo trasladarase ao XOVES hábil seguinte”.*

Figurando tamén no acordo que *“No mes de xullo e agosto se decidirá a data, en función das necesidades dos servizos”.*

Vista a existencia de asuntos varios concluídos posta a disposición desta Alcaldía e que no día dous de maio celebrárase sesión extraordinaria de comisión informativa para estudo e ditame de ditos asuntos, e tendo as sesións ordinarias carácter mensual, e emitido o decreto de convocatoria de data 25.04.2024,

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 38 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

**CONVOCO sesión ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará **no Salón de Sesións** da Casa do Concello o vindeiro XOVES, día **2 de MAIO/2024 ás 20 HORAS,** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados na Orde do Día.

### **I) PARTE DISPOSITIVA**

**1º.-** Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións anteriores: 04.04.2024 (ordinaria) e 18.04.2024 (extraordinaria).

**2º.-** Expediente de contratación do proxecto reformado da obra: “Fase III: ampliación de edificio de usos múltiples para Centro Sociocomunitario”.

**3º.-** Expediente de contratación do proxecto reformado da obra: “Saneamento e Bombeo en Montefaro” POS 2021.

**4º.-** Aprobar a rectificación do proxecto complementario POS + 2024: “Reparación de estradas en Coto da Pena, Basteiro, Os Romeos, As Trabes, O Cameleiro, e Igrexa de Lago” en cumprimento da autorización sectorial da AXI.

**5º.-** Resolución do expediente de investigación nº rectf\_080\_2022 e 083\_2022.

**6º.-** Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 2/2024 correspondente as facturas relativas a gastos con devengo no exercicio 2022, así como facturas relativas a gastos con devengo en 2023 e non aplicadas ao seu orzamento, ademais de outros gastos con devengo no 2023.

7º.- Aprobación de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm. 07/2024 MC CE financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

8º.- Aprobación de modificación de crédito mediante suplemento de crédito núm. 08/2024 MC SC financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

## **II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO**

9º.- Informe sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello de Valdoviño previsto na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3./2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 1º trimestres do ano 2024.

10º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de abril de 2024.

11º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE